

# CIBERVIAXES



## XEIRA ESPECIAL AO VAL DO SILENCIO

01 - 02 DE NOVEMBRO



Unha intensa e especial xeira de fin de semana, centrándonos no corazón da romana Gallaecia Asturicense:

**O Bierzo e a Maragatería**, base da primeira cristianización na península ibérica, Sc. IV, célebre pois pola humanización do territorio, arredor de eremitorios... Onde escoitaremos falar de Exeria, San Froitoso, San Valerio, San Genadio... das relacións epistolares destes eremitas co Mediterráneo oriental, mesmo con San Cibrao de Cartago.

**Guía Felipe-Senén**

## SÁBADO 01 DE NOVIEMBRE: CORUÑA– VILAFRANCA DO BIERZO – PONFERRADA – VALDO SILENCIO

Saída ás 8 da mañá do Obelisco, breve parada en Vega de Valcarce para seguir a visitar **Vilafranca do Bierzo**, encrucillada e marquesado no Camiño de Santiago, co seu castelo e igrexas. Falaremos de persoeiros ilustres como frei Martin Sarmiento, Gil y Carrasco... De seguido faremos parada e visitaremos o **Mosteiro cisterciense de Carracedo**, fundación de Alfonso VII o emperador e polo Abade Florencio. Gran conxunto rehabilitado nos anos noventa polo arquitecto Salvador Pérez-Arroyo, premio Europa Nostra.

**Xantar arredor das 13 horas** no hotel de Ponferrada, saída cara ao **Mosteiro de San Pedro de Montes**, onde ademais de visitar tan célebre e antigo cenobio, referente no reino galaico- leonés, visitaremos a pequena **ermida da Santa Cruz**, continuando a **Santiago de Peñalba**, para coñecer a sorprendente igrexa da arte da repoboación, mozárabe, cerna desta viaxe... Posteriormente un grupo terá a opción de seguir camiñando á **cova de San Genadio**. Xa de volta daremos un paseo polas aldeas de **“Los Barrios”**. Acomodación no hotel e cea.

## DOMINGO 02 DE NOVIEMBRE: PONFERRADA – MOLINASECA – COMPLUDO – CASTRILLO DE LOS POLVAZARES – ASTORGA – A CORUÑA

Pequeno almuerzo e saída ás 9 da mañá: para seguir á inversa o Camiño Francés de Santiago, visitando a aldea de **Molinaseca**, tan en relación coa peregrinación e os segadores e afiadores galegos rumbo a castela. Subindo logo cara **Compludo**. De seguido faremos un alto na **Cruz de Ferro de Foncebadón**, para a continuación visitar e ter o **xantar en Castrillo de los Polvazares** (Mesón la Magdalena). Pola tarde faremos un recorrido introductorio á Maragatería con última parada e visita xeral a **Astorga**, Chegada a Coruña arredor das 22 horas.

### FIN DOS NOSOS SERVIZOS

#### O PROGRAMA INCLÚE:

- TRASLADO EN AUTOCAR DENDE O OBELISCO
- ALOXAMENTO 1 NOITE EN PENSIÓN COMPLETA NO HOTEL O TEMPLE (PONFERRADA)
- XANTAR DO DOMINGO EN CASTRILLO DE LOS POLVAZARES. COCIDO MARAGATO
- AUGA , VIÑO E CAFE NAS COMIDAS
- SEGURO DE VIAXE (Grupos Top)
- VISITAS INCLÚIDAS NO PROGRAMA: Mosteiro cisterciense de Carracedo, Mosteiro de San Pedro de Montes, Igrexa mozárabe de Peñalba de Santiago.

#### O PROGRAMA NON INCLUE:

NADA QUE NON APAREZA CLARAMENTE ESPECIFICADO NO PROGRAMA INCLÚE

ANÓTATE ANTES DO 3 DE OUTUBRO EN:

# **CIBERVIAJES**

Rúa Menéndez Pelayo nº 12 – baixo – A Coruña.

Telf. 981 21 66 00